

RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

Tras ver a proposta do concelleiro de Lingua, con data do 18/10/2021, de aprobación das bases reguladoras da III Edición do Premio “Ponteareas, Lingua e Empresa”, do seguinte teor literal:

“ASUNTO: Aprobación pola Alcaldía das bases reguladoras da III edición do Premio “Ponteareas, Lingua e Empresa”, que constan de dez bases.

Tras ver o informe xurídico emitido polo asesor xurídico do Concello, con data do 05/10/2021.

Tras ver o informe de Intervención, con data do 05/10/2021 sobre a existencia de crédito adecuado e suficiente para o gasto derivado da concesión do Premio e que se efectuou a retención de crédito.

PROPÓNLE Á ALCALDÍA que se aproben as bases reguladoras da III edición do Premio “Ponteareas, Lingua e Empresa”, do Concello de Ponteareas, do seguinte literal:

“III EDICIÓN DO PREMIO “PONTEAREAS, LINGUA E EMPRESA” BASES

Primeira. Obxecto

A convocatoria do Premio “Ponteareas, lingua e Empresa”, do Concello de Ponteareas, ten como finalidade promover o uso da lingua galega na actividade económica do Concello de Ponteareas, estender o seu uso nas relacións laborais, comerciais e empresariais, e recoñecer publicamente a contribución ao aumento e mellora do uso social do galego desde este sector.

A Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística recolle no seu artigo 25 que o Goberno galego e as corporacións locais dentro do seu ámbito fomentarán a normalización do uso do galego nas actividades mercantís, publicitarias, culturais, asociativas, deportiva e outras.

Estes premios están dirixidos a un fin cultural, competencia que en materia de promoción da cultura teñen os municipios, segundo o artigo artigo 25.2.m da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local,



que atribúe ao municipio as competencias propias en materia de promoción da cultura e equipamentos culturais.

Segunda. Destinatarios/as

Poderán ser destinatarios deste premio as empresas, autónomos, profesionais, ou outro tipo de negocio, así como as persoas que destacasen ou destaquen polo uso do galego na actividade económica, e que teñan a súa sede social ou un centro de actividade económica no concello de Pontareas.

Terceira. Méritos que se valoran

Valorarase o uso da lingua galega na actividade empresarial en todo o que teña que ver coa comunicación externa ou relacional e coa interna ou de xestión, así como o ámbito de influencia ou impacto da actividade.

En concreto, terase en conta o seguinte:

A. Comunicación externa ou relacional

- Páxina web, se a tivese.
- Redes sociais, se as tivese.
- Sinalética e comunicación.
- Campañas publicitarias ou materiais promocionais en calquera soporte .
- Uso habitual do galego nas súas actividades e nos seus servizos.
- Atención habitual á clientela e ao público en xeral.
- Calquera outro mérito que se poida salientar.

B. Comunicación interna ou de xestión

- Comunicación interna co persoal ou entre os diferentes departamentos, se os houberse.
- Existencia de normas de usos lingüísticos que fomenten o uso do galego e a diversidade lingüística.
- Calquera outro mérito que se poida salientar

Tamén se terá en conta o ámbito de influencia ou o impacto que a actividade poida ter en sectores especialmente relevantes para o proceso de normalización lingüística.



Para a comprobación destes méritos, as empresas que presenten as súas candidaturas deberán indicar os enlaces de información correspondente ou achegar materiais impresos. Ademais, facilitaranlle ao Concello de Ponteareas toda a información que se lles requira sobre os usos lingüísticos na súa comunicación externa ou interna ou sobre a veracidade dos datos achegados na candidatura.

Cuarta. Premio

Convócanse as seguintes categorías do premio:

- Traxectoria do uso da lingua galega ao longo de décadas.
- Uso continuado da lingua galega
- Incorporación recente ao uso da lingua galega

Concederáse un premio por categoría.

O Premio “ Ponteareas, Lingua e Empresa”, do Concello de Ponteareas terá carácter de distinción pública e, polo tanto, materializaráse nunha figura exclusiva realizada polo escultor Silverio Rivas, sen que leve aparelado ningún beneficio económico.

Os premios serán entregados nun acto público ao que se lle dará difusión polos medios que o Concello de Ponteareas acorde.

Quinta. Orzamento dos premios

O orzamento total dos tres premios ascende a 2343,00 euros, con cargo á partida orzamentaria 2021 / 0 / 33400 / 4790200 / 01 do orzamento do ano 2021 do Concello de Ponteareas.

Sexta. Candidaturas, prazo de presentación e documentación

Poderán ser candidatas a estes premios as empresas, autónomos, profesionais ou outro tipo de negocio, así como as persoas que destacasen ou destaquen polo uso do galego na actividade económica e que teñan a súa sede social ou un centro de actividade económica no concello de Ponteareas. Poderán presentar directamente a súa candidatura, na que se xustifiquen os méritos cos que contén, e deberán acreditar que están ao corrente das súas obrigas coa Seguridade Social, Axencia Tributaria do Estado, Axencia Tributaria de Galicia e co Concello de Ponteareas.

Ademais, calquera persoa ou entidade poderá presentar proposta de candidatura a favor de empresas, autónomos, profesionais, outros negocios ou persoas que destacasen ou destaquen polo uso do galego na actividade económica e que teñan a súa sede social ou un centro de actividade económica no concello de Ponteareas.

As solicitudes presentaranse no Rexistro Xeral do Concello de Ponteareas, ben presencialmente, ou por Sede Electrónica, ou por calquera dos



procedementos establecidos no artigo 16 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, segundo o modelo de ficha de proposición de candidatura e demais documentación que estarán dispoñíbeis na páxina web do Concello de Ponteareas www.ponteareas.gal.

Terán que presentar a solicitude pola Sede Electrónica aquelas persoas que estean obrigadas a relacionarse a través de medios electrónicos coas administracións públicas, segundo o artigo 14 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas

O prazo para a presentación de solicitudes será de 20 días naturais, contados a partir do día seguinte ao da publicación do extracto destas bases, remitido pola Base Nacional de Subvencións (BDNS) no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra.

A ficha de presentación de candidatura irá acompañada dos seguintes documentos:

1. Acreditación da personalidade de quen presenta a candidatura, mediante fotocopia do DNI vixente da persoa, do empresario autónomo, ou da persoa representante, cando sexa o caso. No caso de actuar en representación, deberase achegar a documentación acreditativa da representación que ostenta.
2. De ser o caso, a autorización das empresas, autónomos, profesionais, outros negocios ou persoas que se presenten ao premio para verificar que se atopan ao corrente do cumprimento das obrigas coa Seguridade Social, Axencia Tributaria do Estado, Axencia Tributaria de Galicia e co Concello de Ponteareas. No caso de non presentar autorización, deberanse presentar as certificacións acreditativas de estar ao corrente das citadas obrigas.

Sétima. Xurado

O xurado, ademais de propor as candidaturas que considere, terá en conta as de calquera empresa, autónomo, profesional, outro tipo de negocio, persoa ou entidade que presente candidatura e efectuará a proposta de resolución de concesión do premio, de acordo coa finalidade deste, e poderá deixalo deserto na súa totalidade ou nalgunha das categorías. A decisión do xurado será inapelábel.

O xurado será nomeado pola Alcaldía do Concello de Ponteareas e a súa decisión será inapelábel.

A composición do xurado publicarase con anterioridade á súa primeira reunión no taboleiro de anuncios e na páxina web do Concello.

En caso de ausencia dalgunha persoa integrante do xurado, poderá ser substituído por outra persoa que para o efecto designe a Alcaldía.



O xurado queda facultado para interpretar as presentes bases e resolver sobre aspectos non recollidos nestas bases.

O premio poderá quedar deserto na súa totalidade ou nalgunha das categorías.

Oitava. Resolución do premio

O xurado formulará unha proposta de resolución do premio, debidamente motivada, e será posteriormente a alcaldesa o órgano competente para resolver o procedemento, de acordo coa antedita proposta de resolución do xurado. A decisión será inapelábel.

Novena. Publicidade

Estas bases publicaranse no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, mediante o extracto remitido pola Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), no taboleiro de anuncios electrónico do Concello de Ponteareas e na web municipal.

Todas as publicacións posteriores á publicación destas bases faranse na páxina web municipal.

Décima. Aceptación das bases e autorización en canto á protección de datos

A presentación de candidatura ao premio por parte de empresas, autónomos, profesionais, outros negocios ou persoas que destacasen ou destaquen polo uso do galego na actividade económica, e que teñan a súa sede social ou un centro de actividade económica no concello de Ponteareas, implica a aceptación total destas bases. Ao presentar directamente a candidatura, autorizan expresamente Concello de Ponteareas ao uso da imaxe e dos datos achegados para os efectos de publicidade deste premio.

De conformidade co Regulamento xeral de protección de datos 2016/679 do Parlamento Europeo, do 27 de abril de 2016, e da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, os datos persoais obtidos serán incorporados a un ficheiro responsabilidade do Concello de Ponteareas cuxa finalidade é a xestión do presente premio. Poderanse exercer os dereitos de acceso, rectificación, limitación do tratamento ou calquera outro establecido na normativa vixente mediante un escrito dirixido ao Concello de Ponteareas”.



RESOLVO

PRIMEIRO. Aprobar as bases reguladoras da III edición do Premio “Ponteareas, Lingua e Empresa, tal e como figuran redactadas.

SEGUNDO. Publicar estas bases no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, mediante o extracto remitido pola Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), no taboleiro de anuncios electrónico do Concello de Ponteareas e na web municipal www.ponteareas.gal.

TERCEIRO. Establecer que o prazo de presentación de solicitudes será de 20 días naturais, contados a partir do día seguinte ao da publicación do extracto destas bases, remitido pola Base Nacional de Subvencións (BDNS) no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra.

Mándao e asínao a alcaldesa, María Cristina Fernández Davila

